



Os alumnos participaron nos traballos das granxas coas familias de acollida

ESTUDANTES DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA DE EFA FONTEBOA COÑECEN BOURGOGNE

Unha vintena de alumnos do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa gozaron dunha estadía profesional na rexión francesa de Bourgogne, onde permaneceron en explotacións con distintos sistemas de produción.

Luis García Fernández

Director do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa (Coristanco, A Coruña)

» A mobilidade dos estudantes é un dos sinais de identidade do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa. Os alumnos de formación profesional efectúan frecuentes períodos de preparación en granxas, industrias alimentarias ou empresas de servizos do rural, no que se denomina formación en alternancia. Estas estadias profesionais normalmente lévanse a cabo no ámbito galego e, ocasionalmente, fóra de España; por exemplo, no curso 2014-15 os destinos foron Francia e Irlanda.

Algúns destas actividades organízanse contando co financiamento dalgún programa europeo. Neste curso que remata, a convocatoria Erasmus + permitiu que 20 rapaces do ciclo formativo de grao medio de Producción Agropecuaria estivesen tres semanas en Bourgogne, rexión reputada polos viños pero na que hai outras realidades agropecuarias que a fan moi interesante pola complementariedade e as sinerxías que se derivan na economía rural.

Por outra banda, en correspondencia ás saídas dos alumnos ao exterior, en setembro e outubro recibíronse en Fonteboa dous grupos de estudantes de La Vendée, que participaron nos programas de visitas e encontros para coñecer as potencialidades e realidades das comarcas do noroeste da provincia da Coruña. Tamén visitaron o centro de Coristanco estudantes de bacharelato profesional agrario dos departamentos de Maine et Loire (Pays de la Loire) e de Yonne (Bourgogne); estes dous grupos estiveron acollidos en familias con actividade agraria. Esta circunstancia ofrécelles aos responsables de Fonteboa a posibilidade de establecer convenios de colaboración con outros centros e de dispoñer dunha ampla rede de contactos para presentar outros programas de clara incidencia na formación.

A dispoñibilidade de palla facilita o uso de cama quente



Un dos obxectivos desta actividade é coñecer a estrutura e o funcionamento das explotacións francesas para comparalas coas de Galicia



Na produción de vacún de leite e carne o sistema é de pastoreo

TRES SEMANAS EN BOURGOGNE

Dende o 26 de abril ata o 16 de maio deste ano, 20 alumnos do ciclo formativo de grao medio de Producción Agropecuaria do centro realizaron unha estancia profesional, baixo o paraugas do Programa de Mobilidade Europeo Erasmus + e seguindo o guiión do proxecto denominado "PEACE-Practicando en Agricultura con Europa", na rexión francesa de Bourgogne, 150 quilómetros ao sudeste de París.

Na organización do devandito proxecto contouse coa colaboración da Maison Familiale Rurale de Villevallier. Os responsables deste centro e os de Fonteboa traballaron en conxunto para elaborar un proxecto pedagóxico orientado a acadar uns obxectivos profesionais, culturais e lingüísticos dos alumnos participantes.

Os estudantes desprazados a esta rexión distribuíronse en 17 explotacións, das cales dez eran ganderías de vacún de leite e cultivos, dúas de produción de cultivos, unha de cabalos para actividades deportivas, unha de polos *broiler*, unha de cabras con elaboración de queixo, unha de vacas de carne Charolaise e Limousin e unha de caracois, isto é, unha ampla representación das posibilidades que ofrece o rural. Cada alumno estivo na produción elixida en función das súas preferencias e expectativas profesionais.

UNHA REXIÓN CON NOTABLES DIFERENZAS RESPECTO A GALICIA

Bourgogne, ao igual que Galicia, ten catro provincias (departamentos en Francia) e unha superficie similar (31.500 km² Bourgogne e 29.575 km² Galicia), inda que o clima é diferente: aquí, oceánico e en Bourgogne, continental, con veráns máis calorosos e invernos máis fríos. Non obstante, estas condicións non impiden que haxa unha agricultura diversificada e innovadora.

Desde o punto de vista agrario chama especialmente a atención a magnitude dos campos: extensos campos de cereais e de colza nos que se perde a vista. Na primavera o contraste entre o verde dos cereais (trigo e cebada) e o amarelo da colza florecente dálle unha especial vistosidade á paisaxe agraria. Trátase dunha agricultura dinámica e moi especializada: cereais, oleaxinosas, gando vacún de leite e carne e viticultura. É un territorio moi ordenado no que souberon conservar as masas forestais autóctonas e manter un equilibrio entre os diferentes usos do solo; a superficie agraria ocupa o 60 % do territorio, unha porcentaxe tres veces superior á de Galicia. A superficie media por parcela é de 10 hectáreas.

Na produción de vacún de leite e carne, o sistema é de pastoreo. Hai producións intensivas de aves (polos, pavos, patos, pintadas etc.) e porcino, principalmente. Tamén contan con granxas de caracois, non en van é un dos pratos típicos de Bourgogne.

Profesión, cultura e lingua

Os obxectivos desta actividade de mobilidade dos estudantes son tres: coñecer a estrutura e o funcionamento das explotacións francesas para que poidan comparalas coas súas en Galicia; estudar a forma de afrontar a PAC no país galo e de superar o factor determinante do pago verde na elección dos cultivos e, por último, descubrir unha nova lingua e cultura afondando no coñecemento do idioma.

O programa organizouse en función deses obxectivos, polo que durante a semana cada participante estivo na súa respectiva granxa e durante a fin de semana houbo actividades de grupo: visitas de tipo cultural a París, Auxerre etc.

Á volta do período de formación, os alumnos realizaron unha xornada de presentación das explotacións ante os pais e as nais e ante outros alumnos do centro, unha maneira de poñer en orde todos os coñecementos e a vivencia asimilados durante esas intensas semanas de inmersión profesional, lingüística e cultural. ●